



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/00005

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dezasete de febreiro de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten todos/as os/as seus concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández. Non acude, por causas xustificadas, don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 03.02.22 (ORDINARIA) E 10.02.22 (ORDINARIA).-

As actas das sesións citadas, quedaron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros presentes que asistiran ás ditas sesións.

2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA EN DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO”.

Proposta de Alcaldía:

“Expediente: 2021/C004/000006

Procedemento e forma de adxudicación. Aberto, tramitación urxente, cun único criterio de valoración (factor prezo).

Valor estimado contrato:

Base impositiva.- 78.512,40 euros

10% (posible modificación).- 7.851.24 euros

1 ano de prórroga: 78.512.40 euros

Total valor estimado: 164.876,04

Orzamento base licitación: 95.000 euros/anuais IVE incluído

Prazo execución: 1 ano

Tramitado o expediente antedito, con publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado, onde se aloxa o perfil do contratante, aperturados e cualificados os sobres A.- Documentación, axustada ao formulario DEUC; en sesión de Mesa de Contratación, resultan

admitidas as dúas ofertas concurrentes.

Aperturados en Mesa de Contratación os sobres “B”.- Oferta económica, axustada ao modelo recollido nos pregos.

Vistas as ofertas económicas, as puntuacións e a proposta motivada da Mesa de Contratación, recollidas na acta da sesión do seguinte contido:

“.....

“1.- Apertura criterios evaluables automáticamente: 2021/C004/000006 - Servicio de limpieza en diversos edificios municipales del Concello de Valdoviño

Se procede a la apertura de los sobres de las empresas que ofertaron, que fueron admitidas, resultando:

LIMPERGAL S.L. NIF: B27141159

* Conoce y acepta las obligaciones que deriven de los Pliegos de cláusulas administrativas particulares del presente contrato, así como del proyecto y documentación técnica que lo integra.

integra.

* Acompaña la documentación exigida en el Pliego de cláusulas administrativas particulares.

* Hace constar que en la presente licitación que no concurre con empresas vinculadas.

*Precio:

A) Precio sin IVA 78.223 €

B) Impuesto sobre el valor añadido. Porcentaje: 21 % Importe: 16.426,83

C) TOTAL (A+B): 94.649,83

ELEROC SERVICIOS S.L. NIF: B26533257

* Conoce y acepta las obligaciones que deriven de los Pliegos de cláusulas administrativas particulares del presente contrato, así como del proyecto y documentación técnica que lo integra.

integra.

* Acompaña la documentación exigida en el Pliego de cláusulas administrativas particulares.

* Hace constar que en la presente licitación que no concurre con empresas vinculadas.

*Precio:

A) Precio sin IVA 78.502,62 €

B) Impuesto sobre el valor añadido. Porcentaje: 21 % Importe: 16.485,55

C) TOTAL (A+B): 94.988,17

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2021/C004/000006.- Servicio de limpieza en diversos edificios municipales del Concello de Valdoviño

Se utiliza el Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos, que permite determinar, entre otros, las puntuaciones de las ofertas presentadas en función de sus bajas porcentuales respecto de su precio de licitación, detectando en su caso, las bajas

temerarias.

Prezo licitación sin IVA.- 78.512,40 euros

Limite baja temeraria.- 76.147,54 euros.

Empresa	Oferta	Baja	Puntos
LIMPERGAL, SL	78223,00	0.37	1,73
ELEROL SERVICIOS, S.L	78502,62	0.01	0,05

Visto lo expuesto, la Mesa de Contratación, por unanimidad de los asistentes ACUERDA:

.- Elevar el resultado de la valoración de las ofertas al órgano de contratación correspondiente para su aprobación y FORMULAR propuesta de ADJUDICACIÓN del SERVICIO DE LIMPEZA DE DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO a favor de la empresa ,LIMPERGAL S.L. NIF: B27141159 por haber resultado la oferta más ventajosa económica, siendo el precio el factor precio el único criterio de valoración”

Visto tamén os pregos de cláusulas administrativas que rexen a contratación; esta Alcaldía en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Tomar coñecemento e validar o actuado pola Mesa de Contratación; elevando a definitivo as valoracións e puntuacións obtidas polas empresas licitadores.

Segundo.- Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación e Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares de esta contratación, **REQUERIR** á empresa proposta para a adxudicación: **LIMPERGAL S.L. NIF B27141159** para que dentro do prazo de **DEZ DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que recibirá o requerimento presente por medios electrónicos e con sinatura electrónica a documentación especificada no punto 11 do citado prego de cláusulas.

De non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte.

Tercero.- Notificar dito acordo ás empresas licitadoras (LIMPERGAL S.L. NIF B27141159 e ELEROC SERVICIOS S.L B26533257) para o seu coñecemento e efectos.

Documento firmado electrónicamente polo sr. alcalde

A Xunta de Goberno Local, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

3º.- PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS.-

Vista a Orde do 31 de decembro de 2021 pola que *se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento (CT235A).*

PROPONSE,

Participar en dita convocatoria de subvención e solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través do procedemento CT235A subvención para a dotación de *novidades editoriais (programa A) e para mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), ambas en formato físico, ao abeiro da convocatoria indicada.*

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 16 de febreiro de 2022.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

4º.- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA EXECUCIÓN DA OBRA: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-

Proposta de Alcaldía:

“Expte.: 2018/C003/000001

En data 10.02.22 e con núm. de rexistro 202299900000170, don José Ramón Pedrosa Jiménez, actuando en representación da empresa “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL”, NIF B-36495604, presenta un novo escrito de petición de prórroga por prazo de UN MES para a execución da obra “Proxecto básico e de execución modificado 1. Campo de fútbol de céspede artificial no campo de fútbol municipal de Mourente, da que dita empresa é adxudicataria.

Por acordo de Xunta de Goberno Local de sesión de 13.01.22 tiña concedida unha ampliación de prazo de execución da obra ata o 8.02.22

Xustifica a súa petición debido a que por circunstancias alleas á empresa, producírase un retraso na execución da obra, alegando crisis de subministro de material derivada do COVID-19.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: “*Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un*

prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.

Considerando que persisten circunstancias descritas en anteriores solicitudes de ampliación de prazo concedidas por Xunta de Goberno Local de 4.11.21 e 9.12.21 e 13.01.22, Considerando os antecedentes descritos e os preceptos de aplicación, se deduce que quedan acreditados os requisitos necesarios para a concesión da prórroga solicitada,

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitado de un mes na execución das obras, sendo a nova data de remate da obra o 8 de marzo de 2022.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL” así como ao Diretor da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

/Asinado electrónicamente polo sr. Alcalde na data indicada á marxe/

A Xunta de Goberno Local, mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

5º.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA DE TAXI Nº 2.-

“Tendo coñecemento da solicitude con número de rexistro de entrada 20220000000386 formulada por Eusebio Fernández Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] en data 7 de febreiro do 2022 referente á substitución do vehículo asociado a licenza de taxi n.º 2 do Concello de Valdoviño.

Visto que o vehículo Mercedes Benz C. 200 CDI con número de matrícula [REDACTED] e bastidor nº [REDACTED] asociado a licenza de taxi n.º 2 pretende ser substituído por outro vehículo de mellores características con número de bastidor [REDACTED] matrícula [REDACTED] e modelo TOYOTA COROLLA.

Conforme o disposto no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia

- 1. Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser substituídos por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.*
- 2. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar a substitución de vehículos e tamén para unha adscripción temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado.*

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Iniciar a tramitación administrativa para a autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza n.º 2 do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, de acordo co disposto no artigo 3.1 c) da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.

En Valdoviño, 16 de febreiro de 2022

O alcalde/ Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes a sesión, acordou aprobar a proposta para autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza de taxi n.º 2.

FÓRA DA ORDE DO DIA

Previa ratificación da urxenza adoptada por unanimidade dos presentes e baseada na conveniencia de non demorar a expedición de licenzas aos interesados, inclúese fóra da orde do día, o seguinte punto.

.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

A.- Expte. de obra maior.-

.- Expte. de obras 251/2021.- ANDREA PARDO LATORRE (representada por Ramón Montero Cereijo).- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar na [REDACTED] parroquia de Valdoviño en solo clasificado como **SUELO URBANO. ORDENANZA 1. ZONA DE RESIDENCIAL EXTENSIVA**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 16 de febreiro de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, ACORDA:

Primeiro.- Conceder licenza construción de vivenda unifamiliar, na [REDACTED] parroquia de Valdoviño Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 16 de febreiro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 1.244,08 €. ICIO.- 5.722,75 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

PARTE ACTIVIDADE

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e vinte minutos do día sinalado no encabezamento, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/